

V FESTA CORSARIA

Gago de Mendoza

II CONCURSO DECORACIÓN E AMBIENTACIÓN

Primeira. O Concello de Marín convoca o II Concurso de Decoración e Ambientación, actividade que se realizará dentro do programa de actos da V Festa Corsaria.

Segunda. O obxectivo deste concurso é premiar o Establecemento Comercial, e os Particulares, que polo seu enxeño e ambientación corsaria, merezan a consideración do xurado, e así incentivar a cidadanía marinense e os visitantes, á participación e á ambientación nos actos organizados con motivo da Festa Corsaria.

Terceira. Todas as mesas para xantar ou cear na rúa e os locais de hostalaría, que queiran participar, farano constar na solicitude de inscrición.

Cuarta. Tanto a temática como o deseño da decoración será acorde coa época corsaria.

No caso dos particulares valorarase a imaxinación, a idea, a estética, a orixinalidade, así como a vestimenta dos comensais.

Nos locais de hostalería valorarase a ambientación e decoración interior e exterior, zona de terrazas e vestimenta.

Quinta. PREMIOS:

Premio 200,00 € para o local de hostalería gañador.

Premio 200,00 € para a mesa gañadora de particulares.

Sexta. O xurado do concurso estará composto por representantes de asociacións e colectivos relacionados coa vida marinense.

Sétima. A decisión do xurado farase pública o sábado 20 de agosto ás 00:00h na propia Festa Corsaria.

Oitava. A participación no concurso supón a aceptación de todas e cada unha das bases expostas.